

RESOLUCIÓN REITORAL DO 29 DE XANEIRO DE 2026, POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS DO FONDO SOCIAL 2023

Cumprindo co desenvolvemento de programas e accións de carácter social na Universidade de Vigo e tras o acordo da Comisión de Acción Social do 28 de novembro de 2025, convócanse as axudas correspondentes a gastos ocasionados no período comprendido entre o 01/01/2022 e o 31/12/2022, segundo as seguintes bases:

Primeira: Solicitantes

1. Poderán solicitar as axudas do fondo social:

- a) O persoal docente e investigador e o persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo. Queda excluído o persoal eventual e con contrato de alta dirección.
- b) Os familiares (cónxuxe/persoa coa que conviva maritalmente, fillos e fillas ou proxenitores) deste persoal que tivera falecido en servizo activo ou excedencia por coidado de familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, durante os anos 2022, 2021, 2020, 2019 e 2018, ao amparo do artigo 55.6 do Convenio colectivo vixente. O/a cónxuxe ou persoa coa que convivira maritalmente poderá solicitar estas axudas mentres permaneza en estado de viuvez ou non conviva maritalmente de novo.
- c) O persoal xubilado ou declarado en situación de incapacidade absoluta ou gran invalidez ao longo do ano 2022. Poderá solicitar as axudas de acción social soamente polos gastos xerados ata a data de xubilación ou incapacidade.

2. As persoas solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos durante o ano 2022:

- a) Percibir as súas retribucións con cargo ao capítulo I dos Orzamentos da Universidade de Vigo. O persoal vinculado á Universidade mediante contrato de traballo deberá estar incluído no ámbito de aplicación do Convenio colectivo do PDI ou PAS laboral.
- b) Atoparse na situación administrativa de servizo activo ou excedencia por coidado de familiares.
- c) Cumprir os requisitos esixidos nas normas específicas de cada modalidade de axuda.



- d) Todos os membros da unidade familiar maiores de 18 anos e menores con ingresos deberán atoparse ao corrente das obrigas tributarias no exercicio 2022 e no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes, segundo o artigo 13.2 e) da Lei 38/2003 de subvencións; en caso contrario, excluírase a solicitude na súa totalidade.

Segunda: Membros da unidade familiar

Considéranse membros da unidade familiar para os efectos desta convocatoria, tanto no caso de pedir axudas para eles/elas como se non as solicitan:

- a) A persoa solicitante.
- b) Cónxuxe ou persoa coa que conviva maritalmente.
- c) Fillos e fillas menores de 25 anos ou maiores cando convivan no domicilio familiar.
- d) Familiares ata 2º grao de consanguinidade ou afinidade que convivan no domicilio familiar.

Para acreditar a condición de membro da unidade familiar deberá aportarse a seguinte documentación:

1. Libro de familia completo e/ou documentación que acredite o parentesco co solicitante. Non será preciso aportar esta documentación de telo feito nas convocatorias anteriores nas que a solicitude se presentou a través da sede electrónica, agás no caso de actualización dos datos.
2. Os fillos e fillas maiores de 18 e menores de 25 anos a 31 de decembro de 2022 que non dependan economicamente do solicitante deberán acreditar a súa convivencia.
3. Os fillos e fillas maiores de 25 anos deberán acreditar a súa convivencia.
4. Os ascendentes de primeiro grao e os familiares de segundo grao de consanguinidade ou afinidade deberán acreditar a súa convivencia.

Nestes tres supostos a convivencia acreditarase achegando o correspondente certificado que xustifique/confirme a situación a 31 de decembro de 2022.

5. As persoas que convivan maritalmente deberán presentar o certificado de convivencia a 31 de decembro de 2022. Nos supostos de parellas de feito achegarase o certificado expedido polo concello ou certificación emitida polo Rexistro de parellas de feito.



Terceira: Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarios desta convocatoria de acción social:

- a) A persoa solicitante.
- b) O seu cónxuxe ou persoa coa que conviva maritalmente.
- c) Os fillos e as fillas da persoa solicitante e da súa parella que sexan menores de 18 anos (a 31 de decembro de 2022), sempre que formen parte da unidade familiar.
- d) Os fillos e as fillas maiores de 18 anos e menores de 25, fillos e fillas maiores de idade discapacitados, os ascendentes de primeiro grao e os familiares de segundo grao (irmáns/irmás, netos/netas...) de consanguinidade ou afinidade menores de 25 anos (a 31 de decembro de 2022) poderán ser beneficiarios/as sempre que convivan no domicilio familiar e dependan economicamente.

Cuarta: Dependencia económica

Enténdese que existe dependencia económica do solicitante da axuda cando a persoa beneficiaria non teña recibido ingresos ou os seus ingresos íntegros de calquera natureza en cómputo anual sexan inferiores ao salario mínimo interprofesional vixente no ano 2022 (14.000,00 euros anuais).

A estes efectos os ingresos dos ascendentes tomaranse conxuntamente.

Os familiares de 2º grao (irmáns/irmás, netos/netas...) entenderanse dependentes economicamente do seu/súa ascendente. No caso de non existir ascendente, ou que o ascendente dependa economicamente do solicitante da axuda, os familiares de segundo grao poderán ser beneficiarios das axudas.

Para os fillos e fillas menores de 18 anos presumirase a dependencia económica.

Quinta: Modalidades de axudas e distribución de fondos

Tipo 1. Atención a persoas con discapacidade física, psíquica e/ou sensorial: 15% do total.

Tipo 2. Coidado de fillos e fillas de 0 a 3 anos: 10% do total.

Coidado de fillos e fillas de 3 a 6 anos: 10% do total.

Coidado de persoas maiores de 70 anos que convivan na unidade familiar e dependan economicamente: 10% do total.



Tipo 3. Estudos do solicitante, fillos e fillas, e cónxuxe ou persoa coa que conviva maritalmente: 23% do total.

Tipo 4. Tratamentos de saúde do solicitante, fillos e fillas, cónxuxe ou persoa coa que conviva maritalmente, así como dos familiares de ata segundo grao que convivan na unidade familiar e dependan economicamente: 32% do total.

As contías sobrantes nalgunha das modalidades acumularanse proporcionalmente ás restantes.

Se polo elevado número de solicitudes presentadas non se puidesen respectar as contías máximas asignadas a cada modalidade de axuda, estas diminuíranse na mesma contía co fin de que o importe global das solicitudes admitidas non supere a porcentaxe fixada para cada modalidade.

Sexta: Criterios de adxudicación

1. Ao persoal que non prestara servizos durante a totalidade do ano 2022 e ao persoal con contratos a tempo parcial adxudicaráselles a axuda de xeito proporcional ao tempo traballado e xornada realizada no devandito ano.

2. O persoal que reduza a súa xornada por garda legal percibirá, durante o tempo que dure a mesma, a totalidade da axuda solicitada, sen que se lle aplique a proporcionalidade anterior.

3. Establécense as seguintes porcentaxes a aplicar ás contías máximas de cada unha das axudas, segundo os tramos de renda per cápita:

Renda per cápita familiar do ano 2022	Importe máximo da axuda	Límite máximo a percibir por unidade familiar
Ata 11.063,99 €	100%	2.100,00 €
De 11.064,00 € a 16.596,00 €	75%	1.575,00 €
De 16.596,01 € a 23.181,70 €	50%	1.050,00 €
De 23.181,71 € a 25.815,98 €	25%	575,00 €



Adxudícase unha contía máxima a cada axuda e o seu pagamento estará condicionado ao número de solicitudes presentadas para cada modalidade.

4. A renda per cápita (RPC) é a cantidade que serve de base para valorar e conceder as axudas, así como para determinar que porcentaxe das mesmas se percibirá segundo a táboa anterior. O seu importe é o cociente resultante de dividir a renda familiar correspondente ao exercicio 2022 entre o número de membros de dita unidade.

A renda familiar calcúlase sumando as cantidades que figuran nas Bases impositibles xeral e de aforro (casiñas 435 e 460) da declaración do IRPF do exercicio 2022 máis outros ingresos exentos ou non de tributar, de todos os membros da unidade familiar.

Sétima: Incompatibilidades

As modalidades de axuda relativas a tratamentos de saúde e axudas ao estudo son incompatibles coa percepción doutras axudas de natureza similar concedidas pola Xunta de Galicia ou por outro organismo oficial ou empresa privada.

Non se poderán solicitar dúas axudas de estudos para unha mesma persoa.

Nas axudas de estudos no ámbito universitario, quedan excluídos os/as causantes que teñan a matrícula gratuíta nalgunha das universidades galegas, agás as persoas que teñan que matricularse fóra da comunidade autónoma de Galicia por non ter concedida praza en ningunha universidade galega (previa xustificación desta circunstancia). A matrícula na UNED da persoa solicitante será compatible coa axuda, sempre que exista incompatibilidade horaria para cursar estudos nalgunha das universidades galegas nas que teña a matrícula gratuíta.

As restantes axudas desta convocatoria (modalidades tipo 1, tipo 2), serán compatibles con calquera outra que se perciba doutros organismos oficiais ou empresas públicas ou privadas así como mutualidades (Muface, Isfas, Mugeju).

Todas estas axudas quedarán excluídas no caso de que o importe concedido por estes organismos ou mutualidades fose superior ao establecido ou derivado desta convocatoria; se a contía fose inferior, poderase solicitar a diferenza entre os dous importes ata o máximo que, en cada caso, corresponda. Aquel persoal que perciba axudas doutros organismos deberá cumprimentar o cadro que a tal fin aparece no Anexo I desta convocatoria.



No caso de que dous solicitantes incluídos no ámbito de aplicación desta resolución teñan beneficiarios comúns, só poderá causar dereito un/ha solicitante.

De presentarse solicitudes que resulten incompatibles, atenderanse segundo a orde de entrada do Rexistro electrónico da Universidade.

Oitava: Forma, lugar, prazo de presentación de solicitudes e información

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente a través da Sede electrónica da Universidade de Vigo, empregando o formulario normalizado que se incorpora como Anexo I a esta resolución, e que está dispoñible en <https://sede.uvigo.gal> no apartado “Procedementos e trámites - PAS/PDI”, “SRSS Acción Social 2023”. Non se admitirán a trámite aquelas solicitudes que se presenten por outras vías.

O modelo específico de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento, de conformidade co artigo 66.6 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se algunha das persoas interesadas entrega a súa solicitude presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación na sede electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que foi realizada a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes deberán presentarse durante o período comprendido entre o **3 de febreiro ao 23 de febreiro de 2026** (ambos incluídos). A presentación fóra deste prazo supoñerá a non admisión a trámite da solicitude. Todas as solicitudes, **Anexo I** Solicitude de axudas do Fondo Social 2023- e **Anexo II** Información e comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar, deberán presentarse debidamente asinadas e acompañaranse da documentación xustificativa para cada tipo de axuda. A aportación da documentación requirida é obrigatoria para as persoas participantes na convocatoria. O feito de non achegala será causa de exclusión.

Toda solicitude presentada telematicamente asinarase por calquera dos mecanismos de sinatura admitidos pola sede electrónica da Universidade de Vigo.



O **Anexo II** deberá ser cumprimentado e asinado polas persoas interesadas en aplicación do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, conforme dan o seu consentimento e autorizan á unidade xestora ao tratamento da información que figura na documentación que se acompañe á solicitude da axuda, así como que consulte os datos persoais que obran nas bases de datos das administracións públicas e que son precisos para xestionar as axudas de acción social. Este **Anexo II** asinarase por todos e cada un dos membros computables da unidade familiar no recadro correspondente. Todas as sinaturas que figuren neste Anexo deberán ser do mesmo tipo, ben todas sinaturas electrónica ou ben todas sinaturas manuscritas. No caso de sinaturas manuscritas, o documento asinado deberase escanear e incorporarse en formato PDF xunto coa solicitude, Anexo I.

Cando as solicitudes teñan que vir acompañadas de **facturas**, estas deberán ser lexibles e incluírán necesariamente os datos legais de emisión, nome ou razón social, NIF, data e número da factura, domicilio e localidade, cota do IVE ou IVE incluído, así como o concepto polo que se emiten, nome e apelidos da persoa beneficiaria da axuda e prezo aboado (R.D. 1619/2012, 30 de novembro, BOE 1 de decembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación e se modifica o regulamento do imposto sobre o valor engadido). As facturas deberán corresponder a tratamentos recibidos e pagados no ano 2022 e ter a súa data de emisión no mesmo ano 2022. Aquelas que non cumpran todos estes requisitos non se aceptarán.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación das bases reguladoras da convocatoria. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Se a solicitude presentada non reunise os requisitos esixidos, requirirase á persoa interesada para que nun prazo de dez días naturais emende as faltas ou remita os documentos preceptivos. De non facelo, considerarase que desistiu da súa petición e archivarase o expediente, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Sen prexuízo do anterior, en calquera momento poderá requirirse á persoa solicitante a presentación de documentación xustificativa e doutros documentos que amplíen ou aclaren os xa entregados e que se consideren oportunos para resolver a súa solicitude.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser enviados a través da Sede Electrónica da Universidade de Vigo.

As persoas interesadas poderán obter información sobre esta convocatoria na páxina web oficial da Universidade de Vigo nos seguintes enderezos:

<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/pas/xestions-economicas-laborais/axudas>

<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/pdi/xestions-laborais-formativas-economicas/axudas>

Novena: Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF ou NIE dos membros da unidade familiar.
- Os ingresos totais da unidade familiar así como os datos de carácter tributario ou económico da Axencia Estatal de Administración Tributaria relativos ao nivel de renda (IRPF) correspondentes ao ano 2022, sempre que se conte co consentimento expreso esixido polo artigo 95 1.k) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ou non autoricen estas consultas, deberán indicalo no recadro correspondente a tal efecto no formulario Anexo II - Información e comprobación de datos, e achegar unha copia dos documentos.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.



Décima: Notificacións

As notificacións das resolucións e actos administrativos practicaranse por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>). Este sistema remitirá avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo das persoas interesadas que conste no seu rexistro de usuario na Sede electrónica. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido; entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Undécima: Procedemento de adxudicación

1. A Comisión de Acción Social analizará e valorará as solicitudes e fará unha proposta coa relación provisional de adxudicacións indicando as causas de exclusión, logo do que se abrirá un prazo de dez (10) días hábiles para que as persoas interesadas poidan emendar os erros e/ou as causas de exclusión a través de sede electrónica empregando o procedemento **SXER - Emenda e mellora da solicitude**, dirixida ao Servizo de Retribucións e Seguros Sociais.
2. A Comisión revisará as reclamacións e presentará a proposta definitiva de adxudicacións ao Reitor, quen ordenará a súa publicación.
3. A Universidade de Vigo revogará a concesión das axudas e reclamará o importe concedido no caso de incumprimento das bases da convocatoria ou no caso de ocultación ou falseamento dos datos aportados, incluíndo a prohibición de participar por ata cinco convocatorias de acción social da Universidade de Vigo, contando a partir da comunicación da sanción.
4. O aboamento das axudas concedidas efectuarase por transferencia bancaria.



5. A Comisión de Acción Social resolverá todas as dúbidas que poidan xurdir na aplicación destas normas, e indicará como proceder nos casos non previstos. Na súa actuación someterase á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
6. O prazo máximo de resolución desta convocatoria será de seis meses, a contar dende a data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Duodécima: Publicidade

A Resolución reitoral pola que se declaran aprobadas as listaxes provisionais e definitivas publicarase no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>), e facilitarase a comunicación vía correo electrónico a través das listaxes de avisos e da páxina web da Universidade de Vigo. O acceso á información derivada desta convocatoria estará limitado a cada participante, que terá acceso restrinxido á súa solicitude a través da Secretaría Virtual da Universidade de Vigo. Ademais, as listaxes provisionais e definitivas de persoas admitidas e excluídas estarán a disposición de cada participante no procedemento, sempre que así o acredite previamente, no Servizo de Retribucións e Seguros Sociais.

Décimo terceira: Normativa supletoria

Para todo o que non estea recollido nas presentes bases e, en especial, no relativo ao control e reintegro das axudas percibidas, aplicarase o previsto na lexislación de subvencións.

Décimo cuarta: Información sobre protección de datos

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos facilitados na solicitude serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a presente convocatoria de axudas e amparados pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do



Empregado público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, así como no Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo.

Coa súa participación nesta convocatoria de axudas do fondo social as persoas interesadas autorizan a Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así derive da natureza desta convocatoria. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, a persoa afectada comunicarlle esta circunstancia coa maior celeridade á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 81 34 19 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.gal.

Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e conservaranse durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que puideren derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas participantes están obrigadas a facilitar estes datos en virtude do especificado nos parágrafos anteriores e, en caso de non facelo, a consecuencia será a exclusión da solicitude na súa totalidade.

As persoas participantes teñen dereito a solicitarlle ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento, así como a oporse ao devandito tratamento e a solicitar, agás casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderán exercerse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo empregando, preferentemente, o procedemento específico “SXER - Exercicio dereitos sobre protección de datos”, dispoñible na categoría «Cidadanía», ou mediante solicitude dirixida ao reitor da Universidade de Vigo, na Oficina de asistencia en materia de rexistro da Universidade de Vigo, ou en calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da LPCAP, e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus Universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>



Igualmente, poderán dirixir a dita solicitude directamente ao delegado de protección de datos a través do enderezo electrónico dpd@uvigo.gal.

Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, pode presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Décimo quinta : NORMAS ESPECÍFICAS PARA CADA AXUDA - FONDO SOCIAL

1. ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA, PSÍQUICA E/OU SENSORIAL

Obxecto:

Contribuír aos gastos asociados á atención e coidados do persoal da Universidade de Vigo con discapacidade ou dependencia, cónxuxe ou persoa coa que conviva maritalmente, fillos, fillas e demais familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

Contía:

- Para un grao de discapacidade entre $\geq 33\%$ e 64% ou dependencia grao I: ata un máximo de 500 €.
- Para un grao de discapacidade entre $\geq 65\%$ e 74% ou dependencia grao II: ata un máximo de 1.200 €.
- Para un grao de discapacidade $\geq 75\%$ ou dependencia grao III: ata un máximo de 1.500 €.

Documentación específica:

Certificación emitida polo órgano competente na que conste o grao de discapacidade ou dependencia da persoa beneficiaria, en vigor no ano ao que se refire a convocatoria (2022). Non será necesaria a súa presentación de terse achegado nalgunha das convocatorias nas que a solicitude de acción social se presentou a través da sede electrónica, salvo no caso de discapacidade obxecto de revisión, no que deberá achegar a resolución vixente no ano ao que se refire a axuda.



2. CUIDADO DE FILLOS/AS (ATA 6 ANOS) E DE FAMILIARES MAIORES DE 70 ANOS

Obxecto:

Atención e coidado de fillos/as nados entre o 01/01/2017 e o 31/12/2022 e de familiares maiores de 70 anos.

Contía:

- Fillos/as nados entre o 01/01/2017 e o 31/12/2019: ata un máximo de 400 €.
- Fillos/as nados entre o 01/01/2020 e o 31/12/2022: ata un máximo de 700 €.
- Familiares nados antes do 01/01/1953: ata un máximo de 500 €.

3. ESTUDOS

Obxecto:

Atender gastos asociados a estudos do curso 2022/2023 nos niveis educativos que a continuación se enumeran, conducentes a títulos oficiais cursados en centros públicos, adscritos ou concertados do territorio nacional español.

Os estudos con dereito á percepción desta axuda son:

1. Non universitarios: educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional de grao medio e grao superior, e os de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
2. Universitarios conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais: grao, mestrado e doutoramento. As persoas causantes deberán ter superado un mínimo de tres materias ou o 25% dos créditos do curso para o que se solicita a axuda (2022/2023), sen que para estes efectos se teñan en conta as materias recoñecidas ou adaptadas.

Nas axudas de estudos no ámbito universitario, quedan excluídos os/as causantes que teñan a matrícula gratuíta nalgunha das universidades galegas, agás as persoas que teñan que matricularse fóra da comunidade autónoma de Galicia por non ter concedida unha praza en ningunha universidade galega (previa xustificación desta circunstancia). Concederase a axuda por estudos na UNED, cando o causante sexa persoal da Universidade de Vigo e sempre que exista incompatibilidade horaria para cursar estudos nalgunha das universidades galegas nas que teña a matrícula gratuíta.



Quedan expresamente excluídos os cursos de posgrao e de especialización, as ensinanzas que, impartidas pola Universidade de Vigo no uso da súa autonomía, son conducentes a títulos distintos dos mencionados no parágrafo anterior, así como os gastos de taxas administrativas, de secretaría, pagamento de títulos ou outros gastos de natureza similar.

Contía:

Máxima de 250 € por causante, sen superar 750 € por unidade familiar.

Documentación específica:

- Estudos non universitarios: certificado do centro que acredite os estudos realizados durante o curso 2022/2023.
- Estudos universitarios: xustificante do pago de matrícula para o curso académico 2022/2023, así como certificación académica acreditativa de ter superado cando menos, tres materias ou o 25% dos créditos matriculados, e a documentación que acredite o carácter público, adscrito ou concertado da universidade.

4. TRATAMENTOS DE SAÚDE

Obxecto:

Atender gastos asociados aos tratamentos de saúde polos conceptos que se enumeran a continuación, incluídos os de carácter psicopedagógico e probas prescritas por facultativo, e sempre que non se atopen cubertos polo sistema de seguridade social, de Muface ou de calquera outro sistema público obrigatorio. As facturas deberán corresponder a tratamentos recibidos no ano 2022 e ter a súa data de emisión no mesmo ano 2022.



Contía:

A contía máxima por tratamento de saúde é de 400 € por causante, sen superar 1.200 € por unidade familiar.

Tratamentos:

- a) Próteses e tratamentos oftalmolóxicos.
- b) Próteses e tratamentos auditivos.
- c) Tratamentos e gastos derivados por trastornos alimenticios.
- d) Próteses e tratamentos dentais.
- e) Próteses, tratamentos e calzado ortopédicos.
- f) Próteses e accesorios para enfermos oncolóxicos.
- g) Tratamento de técnica de reprodución asistida non cuberto pola Seguridade Social.
- h) Outros tratamentos médicos non cubertos polo sistema público de previsión social.

Non serán obxecto desta axuda os gastos en produtos farmacéuticos, tratamentos alternativos, gastos de consultas, gastos de gafas de sol sen informe médico que xustifique expresamente a súa necesidade, nin gastos de ningún tipo de vacina.

Documentación específica:

1. Factura que inclúa os datos legais de emisión e que acredite o gasto ocasionado. Para os tratamentos por trastornos alimenticios será suficiente con achegar o informe médico.
2. Informe médico que xustifique a necesidade do tratamento prescrito, así como que o mesmo non está incluído no catálogo de servizos do Sergas ou mutualismo correspondente. Así mesmo, no informe indicárase quen é a persoa destinataria do tratamento.

Décimo sexta: Norma derradeira

As axudas convocadas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 0000 421S 162.99 “Outros gastos sociais” dos orzamentos da Universidade de Vigo por un importe de 179.000 euros.



Con carácter xeral, as axudas de Acción Social constituirán rendementos de traballo para quen as perciba, en canto que son consecuencia dunha previa relación laboral ou funcionarial e, por tanto, están suxeitas ao IRPF e sometidas ao seu sistema de retencións a conta na porcentaxe que se practique aos restantes rendementos de traballo.

En aplicación do artigo 147 do Real Decreto Legislativo 8/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, o persoal que perciba remuneración en concepto de acción social terá incluído o importe de acción social na base de cotización do mes no que se aboe.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O REITOR,
Manuel Joaquín Reigosa Roger
Asinado dixitalmente



ANEXO I SOLICITUDE DE AXUDAS DO FONDO SOCIAL 2023

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE: ☐ PTXAS ☐ PDI

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	NIF/NIE
Correo electrónico:		Teléfono:	

MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR

DATOS DE TODOS OS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR A 31/12/2022				Non solicita	AXUDA TIPO SOLICITADA			
Apelidos e nome	NIF/NIE	Data de nacemento	Vinculación		marcar cun X NO RECADRO DO BENEFICIARIO			
					1	2	3	4
			SOLICITANTE					
TOTAL MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR TENDO EN CONTA O SOLICITANTE								

AXUDA TIPO SOLICITADA

1. ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA, PSÍQUICA E/OU SENSORIAL
2. COIDADADO DE FILLOS, FILLAS e FAMILIARES MAIORES DE 70 ANOS
3. ESTUDOS OFICIAIS NO CURSO INDICADO
4. TRATAMENTOS DE SAÚDE

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA XUSTIFICATIVA DA UNIDADE FAMILIAR marcar cun X

Libro de familia ou documentación que acredite parentesco co solicitante	
Certificado do rexistro de parellas de feito	
Certificado de convivencia a 31/12/2022	
Outros especificar:	

SOLICITO: Que se me concedan as seguintes axudas referidas a gastos do ano **2023**



AXUDA TIPO 1 ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA, PSÍQUICA E/OU SENSORIAL

NIF/NIE	Persoa Beneficiaria – Apelidos e nome	Data de nacemento	Vinculación	≥33%	≥65%	≥75%
Certificado grao de discapacidade ou dependencia						

AXUDA TIPO 2 COIDADADO DE FILLOS, FILLAS e FAMILIARES MAIORES DE 70 ANOS

COIDADADO DE FILLOS E FILLAS DE 0 A 3 ANOS (nados entre 1/1/2020 e 31/12/2022)

NIF/NIE	Persoa Beneficiaria – Apelidos e nome	Data de nacemento

COIDADADO DE FILLOS E FILLAS DE 3 A 6 ANOS (nados entre 1/1/2017 e 31/12/2019)

NIF/NIE	Persoa Beneficiaria – Apelidos e nome	Data de nacemento

COIDADADO DE FAMILIARES MAIORES DE 70 ANOS (nados antes de 01-01-1953)

NIF/NIE	Persoa Beneficiaria – Apelidos e nome	Data de nacemento	Vinculación

AXUDA TIPO 3 ESTUDOS OFICIAIS NO CURSO 2022/2023

				ESTUDOS UNIVERSITARIOS
NIF/NIE	Persoa Beneficiaria – Apelidos e nome	Vinculación	ESTUDOS CURSADOS	%Créditos/materias superadas
Estudos	NON UNIVERSITARIOS	Certificado de matrícula curso 2022/2023		
	UNIVERSITARIOS	Xustificante pago de matrícula curso 2022/2023 e certificación académica		

Documento asinado electronicamente conforme á normativa vixente. A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA. Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.xunta.es> CSY/WH/6K/394PHZBCE



ANEXO I
SOLICITUDE DE AXUDAS DO FONDO SOCIAL 2023

AXUDA TIPO 4 TRATAMENTOS DE SAÚDE

NIF/NIE	Persoa beneficiaria: Apelidos e nome	Tipo de tratamento TRASTORNOS ALIMENTARIOS	Vinculación	
RELACIÓN DE FACTURAS ANO 2022				
Data Fra.	Núm. da factura	Expedida por NIF	Tipo de tratamento OUTROS	Importe factura
SUMA TOTAL				
NIF/NIE	Persoa beneficiaria: Apelidos e nome	Tipo de tratamento TRASTORNOS ALIMENTARIOS	Vinculación	
RELACIÓN DE FACTURAS ANO 2022				
Data Fra.	Núm. da factura	Expedida por NIF	Tipo de tratamento OUTROS	Importe factura
SUMA TOTAL				
NIF/NIE	Persoa beneficiaria: Apelidos e nome	Tipo de tratamento TRASTORNOS ALIMENTARIOS	Vinculación	
RELACIÓN DE FACTURAS ANO 2022				
Data Fra.	Núm. da factura	Expedida por NIF	Tipo de tratamento OUTROS	Importe factura
SUMA TOTAL				
NIF/NIE	Persoa beneficiaria: Apelidos e nome	Tipo de tratamento TRASTORNOS ALIMENTARIOS	Vinculación	
RELACIÓN DE FACTURAS ANO 2022				
Data Fra.	Núm. da factura	Expedida por NIF	Tipo de tratamento OUTROS	Importe factura
SUMA TOTAL				
NIF/NIE	Persoa beneficiaria: Apelidos e nome	Tipo de tratamento TRASTORNOS ALIMENTARIOS	Vinculación	
RELACIÓN DE FACTURAS ANO 2022				
Data Fra.	Núm. da factura	Expedida por NIF	Tipo de tratamento OUTROS	Importe factura
SUMA TOTAL				
Facturas do ano 2022 e/ou informe médico xustificativo dos tratamentos				

Documento asinado electronicamente conforme á normativa vixente. A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.
Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.uvigo.gal> CODIGO CSV:WHVQV6KJ94PHZBCE



Para os efectos da axuda ou axudas solicitadas declaro responsablemente:

- 1.- Que todos os datos e extremos alegados nesta solicitude son certos e comprométome, de así serme requirido, a achegar xustificación documental suficiente para a súa acreditación.
- 2.- Que non percibín nin solicitei ningunha axuda doutros organismos oficiais, empresas públicas ou privadas polos mesmos conceptos, agás as seguintes:

Organismo/Empresa	Importe percibido / solicitado		Tipo de Axuda

- 3.- Que ningún outro membro da miña unidade familiar solicita axudas do fondo social 2023.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS

Responsable: Universidade de Vigo.
Finalidade: xestionar a presente convocatoria de axudas de acción social.
Lexitimación: Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público e Convenio Colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo.
Cesións: non se prevén excepto nos casos previstos legalmente e á Axencia Tributaria para a comprobación da información de natureza tributaria especificada nesta convocatoria e á D.G.P. para consulta de datos de identidade.
Dereitos: as persoas interesadas poderán exercer os seguintes dereitos: acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e, no seu caso, portabilidade dos datos.
Procedencia da información: a información procede da propia persoa interesada.
Información adicional: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

LEGISLACIÓN APLICABLE

Resolución Reitoral pola que se convocan axudas do fondo social 2023.

Vigo, de de 2026
Asíno.:

As persoas interesadas que se indican na seguinte táboa, **mediante a sinatura** deste documento:

- declaran ter lido a información básica sobre protección de datos que figura ao dorso e ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación,
- autorizan á Universidade de Vigo a solicitar da Axencia Tributaria a información de natureza tributaria ou pensión exenta de tributar correspondente ao exercicio 2022
- e, de ser o caso, exercitan o seu dereito de oposición a que se consulte coa D.G.P. os seus NIF/NIE.

No caso de que as persoas interesadas non autoricen a consulta da información tributaria antes indicada ou se opoñan á consulta do NIF/NIE deberán indicalo cun "X" no recadro correspondente e achegar unha copia da declaración da renda e/ou do seu NIF ou NIE.



MOI IMPORTANTE: Nesta táboa deben incluírse e asinar **TODOS os membros da unidade familiar, incluídos os/as menores de idade⁽¹⁾**. A solicitude será excluída en caso contrario.

⁽¹⁾ No caso de menores de idade deberá asinar unha das persoas proxenitoras, o titor/a ou o responsable legal, tal e como se indica na táboa.

				COMPROBACIÓN DE DATOS					
				Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas					
				• Nivel de renda correspondente ao ano 2022 que obra en poder da AEAT • NIF/NIE					
				OPÓÑOME Á CONSULTA DO NIF/NIE		NON AUTORIZO A CONSULTA Á AEAT		NAI/PAI, TITOR/A OU REPRESENTANTE LEGAL Se a persoa é menor de idade	Sinatura (no caso de menores de idade deberá asinar unha das persoas proxenitoras, titor/a ou representante legal)
Apelidos e nome	NIF/NIE	MENOR IDADE	Vinculación			Apelidos e nome	NIF/NIE		
			SOLICITANTE						

Se non for suficiente o espazo previsto no cadro anterior, deberánse cubrir e enviar tantos anexos como sexa necesario.



ANEXO II (continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS

Responsable: Universidade de Vigo.

Finalidade: xestionar a presente convocatoria de axudas de acción social.

Lexitimación: Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público, e Convenio Colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo.

Cesións: non se prevén excepto nos casos previstos legalmente e á Axencia Tributaria para a comprobación da información de natureza tributaria especificada nesta convocatoria e á D.G.P para consulta de datos de identidade.

Dereitos: as persoas interesadas poderán exercer os seguintes dereitos: acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e, no seu caso, portabilidade dos datos.

Procedencia da información: a información procede da propia persoa interesada.

Información adicional: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

